

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, BENESTAR SOCIAL E PARTICIPACIÓN
Departamento de Mocidade

BASES PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE ACCIÓN VOLUNTARIA “ANTENAS DE INFORMACION XUVENIL EN CENTROS PÚBLICOS E CENTROS CONCERTADOS CON ESO E BACHARELATO DA CORUÑA. CURSO 2019-2020”

 **238/2019/711**  **2381310270**

OBXECTO

O Concello da Coruña, a través da Concellaría de Igualdade, Benestar social e Participación, convoca o programa de acción voluntaria “Antenas de Información Xuvenil (AIX)”, coa intención de crear pequenas sucursais do Centro Municipal de Información Xuvenil (CMIX) en centros educativos da cidade.

REQUISITOS

- Ter un mínimo de 15 anos e un máximo de 30 anos, cumpridos a 31 de decembro de 2019.
- Estar matriculado nun centro público (IES, CIFP, Escola Oficial de Idiomas, Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso e Conservatorio Profesional de Música), ou nos centros concertados con ESO e Bacharelato da cidade.
- Presentar unha candidatura individual ou grupal, neste caso será de ata tres persoas por centro.
- Se a persoa solicitante é menor de idade precisa dun permiso da nai, pai ou quen exerza a tutoría legal autorizando a participación no programa.

DESCRICIÓN

O programa vaise desenvolver desde novembro de 2019 ata maio de 2020. A antena de cada centro poderá ser xestionada por un máximo de 3 persoas.

Funcións

As funcións das Antenas de Información Xuvenil serán as seguintes:

- Manter o taboleiro informativo actualizado semanalmente, ordenado e atraente.
- Redifundir información de interese xuvenil a través dos medios ao seu alcance: redes sociais, compañeiras/os de instituto, delegadas/os de clase...



Compromisos

Coa incorporación ao programa ade Antenas de Información xuvenil as persoas voluntarias adquiren os seguintes compromisos:

- Asistir ás accións formativas e reunións de coordinación que se convoquen.
- Establecer un acordo de incorporación para o desenvolvemento deste programa.

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, BENESTAR SOCIAL E PARTICIPACIÓN
Departamento de Mocidade

BASES PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE ACCIÓN VOLUNTARIA “ANTENAS DE INFORMACION XUVENIL EN CENTROS PÚBLICOS E CENTROS CONCERTADOS CON ESO E BACHARELATO DA CORUÑA. CURSO 2019-2020”

 **238/2019/711**  **2381310270**

Contraprestacións

A persoa con función de Antena obterá as seguintes contraprestacións:

- Recibir formación en materia de información xuvenil.
- Recibir gratuitamente o carné xove, o carné internacional de estudante, e o carné de alberguista durante o ano escolar no que participe coma Antena de Información Xuvenil.
- Obter un certificado que acredite a súa participación no programa.
- Recibir entradas a eventos organizados ou programados polo Concello da Coruña (concertos, deportes, cine, teatro, etc...)

DOCUMENTACIÓN

A documentación a presentar é a seguinte:

- Ficha de solicitude oficial.
- Unha copia do DN, NIE ou documento acreditativo da identidade
- Autorización asinada para menores de idade acompañada da copia do DNI da persoa, responsable legal, que asina a autorización.
- Unha carta de motivación na que apareza:
 - Cales son as túas expectativas respecto a este programa, e os intereses que te levan a presentarte.
 - Como xestionarías o taboleiro de información xuvenil do teu centro
 - Que farías para animar ás túas compañeiras/os a estar ben informadas/os, e cal sería a túa proposta de difusión complementaria de información a través das canles dixitais ao teu alcance.
 - Se pertences a algunha asociación ou colectivo non formal indica nome do grupo ou asociación, función que desempeñas e desde cando.

No caso de candidaturas grupais, esta carta de motivación será por candidatura e non por persoa

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo será do 9 ao 25 de outubro de 2019 ás 20.00 h.
A solicitude oficial poderá descargarse na web municipal www.coruna.gal/cmix e deberá presentarse xunto coa documentación requirida en:

Centro Municipal de Información Xuvenil (CMIX).
Edificio Forum Metropolitano. Rúa Río Monelos, 1.
Tel. 981 184 294

Horario: Luns a venres de 10.00 a 14.00 h. e de 17.00 a 20.00 h. Sábados de 11.00 a 14.00 h.
--

BASES PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE ACCIÓN VOLUNTARIA “ANTENAS DE INFORMACIÓN XUVENIL EN CENTROS PÚBLICOS E CENTROS CONCERTADOS CON ESO E BACHARELATO DA CORUÑA. CURSO 2019-2020”

 **238/2019/711**  **2381310270**

Tamén se pode entregar a documentación a través do correo electrónico cmix@coruna.es.

COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Concellaría de Igualdade, Benestar social e Participación designará unha comisión de selección do programa de Antenas de Información Xuvenil que estará constituída por:

- Xefa de servizo de Participación Cidadá ou persoa na que delegue
- Coordinador do Centro Municipal de Información Xuvenil
- Persoal técnico do Centro Municipal de Información Xuvenil

A lista provisional das Antenas de Información Xuvenil seleccionadas publicarase na web www.coruna.gal/cmix o 28 de outubro de 2019.

CRITERIOS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN

No caso de existir máis dunha candidatura por centro educativo, a selección farase en función da puntuación obtida na fase de valoración. A comisión de selección terá en conta os seguintes criterios á hora de valorar as candidaturas para Antena:

- Ter sido “Antena” en edicións anteriores e ter unha boa valoración do traballo feito (50 puntos)
- Ideas expresadas na carta de motivación (máximo 30 puntos: ideas expresadas: 10 puntos, innovación das propostas: 10 puntos, visibilidade das propostas: 10 puntos)
- Pertenza das persoas candidatas a algunha asociación (10 puntos)
- Estar estudando en cursos que faciliten a continuidade no centro educativo o próximo curso e número de cursos que levan no centro (10 puntos)

En caso de empate os criterios de desempate a ter en conta serán, por orde, os seguintes:

- Ter participado como “Antena” en edicións anteriores e ter unha boa valoración do traballo feito.
- Claridade de ideas reflectidas na carta de motivación.
- Estar estudando en cursos que faciliten a continuidade no centro educativo o próximo curso e número de cursos que levan no centro.
- Pertenza das persoas candidatas a algunha asociación.

RESOLUCIÓN

Unha vez publicada a lista provisional das persoas seleccionados na web www.coruna.gal/cmix abrirase un prazo de 10 días hábiles no que as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes.

BASES PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE ACCIÓN VOLUNTARIA “ANTENAS DE INFORMACION XUVENIL EN CENTROS PÚBLICOS E CENTROS CONCERTADOS CON ESO E BACHARELATO DA CORUÑA. CURSO 2019-2020”

 **238/2019/711**  **2381310270**

En caso de non presentarse alegación algunha, dita lista provisional pasará a definitiva a través dunha resolución formal da Concelleira de Igualdade, Benestar social e Participación e publicarase na web www.coruna.gal/cmix

Contra a devandita resolución poderanse presentar os recursos que estimen oportunos, pero sen efecto suspensivo.

PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos rexistrados polos participantes no programa, serán recollidos e tratados conforme ao á Lei Orgánica 15/1999, de 13 de Decembro, de Protección de Datos de carácter persoal e se empregarán exclusivamente para o desenvolvemento do programa de acción voluntaria “Antenas de información Xuvenil”.

De acordo coa mencionada lei as persoas participantes poderán exercer o seu dereito de oposición, acceso, rectificación e cancelación nos termos previstos na lei. A tales efectos infórmase que os datos serán custodiados polo concello con acceso por parte da empresa xestora do contrato do Servizo de Información Xuvenil.

A participación neste programa implica a aceptación total destas bases e unicamente o Concello está facultado para dirimir calquera controversia derivada da súa interpretación.

A Coruña, a data da sinatura electrónica do presente documento

A xefa do servizo de Participación

VºBº

A Concelleira de Igualdade, Benestar social e Participación

BASES PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE ACCIÓN VOLUNTARIA “ANTENAS DE INFORMACION XUVENIL EN CENTROS PÚBLICOS E CENTROS CONCERTADOS CON ESO E BACHARELATO DA CORUÑA. CURSO 2019-2020”

 **238/2019/711**  **2381310270**

ANEXO

FORMULARIO DE SOLICITUDE PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE ACCIÓN VOLUNTARIA “ANTENAS DE INFORMACIÓN XUVENIL NOS CENTROS PÚBLICOS E CONCERTADOS CON ESO E BACHARELATO DA CORUÑA”.

SOLICITUDE INDIVIDUAL

*SOLICITUDE CONXUNTA**

NOME DO CENTRO
ESTUDOS
CURSO
Nº DE CURSOS QUE LEVAS MATRICULADA/O NO CENTRO
NOME E APELIDOS
NIF: DATA DE NACEMENTO
ENDEREZO
..... Nº..... PISO..... C.P
TEL..... TEL. MÓBIL
HORARIO DE CONTACTO
CORREO ELECTRÓNICO:
QUE FAS NO TEU TEMPO LIBRE? (hobbies, deportes,...)
.....
.....
.....
.....

DESENVOLVES ALGUNHA ACTIVIDADE NALGÚN GRUPO OU ASOCIACIÓN? (nese caso indica nome do grupo ou asociación, función que desempeñas, actividades,...)
.....
.....
.....
.....

A presentación a esta convocatoria supón a aceptación das bases e compromisos do Programa de " Antenas de Información Xuvenil”.

A Coruña, de..... de 2019

Sinatura,

**Se a solicitude é conxunta, habrá que enviar un boletín de solicitude por cada persoa que desexa participar*

AVISO LEGAL

De conformidade co establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, infórmase que os datos de carácter persoal declarados pasarán a formar parte do ficheiro denominado Programas CMIX, cuxo responsable de tratamento será o Concello da Coruña e a finalidade da cal e uso previstos será a xestión dos programas educativos municipais.
Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Rexistro Xeral do Concello da A Coruña (Pza. María Pita, 1), nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da citada Lei Orgánica 15/1999.